



CÍRCULO DE SILENCIO

Rede Social Galicia Sur

#CírculosDeSilencioVigo

2 de maio 2024

Nos últimos anos estamos a padecer un aumento xeneralizado da violencia no mundo, que por desgraza trala pandemia parece anestesiado ante a dor e o sufrimento alleos. Botamos en falla aqueles movementos transversais pola paz que hai anos mobilizaban a moitos miles de persoas.

Pola contra, hoxe a opinión pública parece ter outras preocupacións, mentres que os discursos belicistas que xustifican e demandan un aumento da inversión en gasto militar non deixan de crecer. Hoxe o pacifismo asóciase a 'buenismo', a inxenuidade, mesmo a un perigoso idealismo. Hoxe sopran ventos de guerra, e non parece haber lugar para outros discursos.

Fronte a esta situación, precisamos reafirmarnos, erguer a voz, comprometermos máis que nunca co antibelicismo, coa cultura da paz e a non-violencia, coa convicción de que outro mundo é posible, necesario e cada vez máis urxente. Cómpre construír outros discursos que ofrezan alternativas e que denuncien as nefastas consecuencias dunha escalada militar que non parece ter fin.

Nos últimos tempos estamos a convivir acotío coas novas de graves conflitos moi preto de nós, como o de Ucraína, ou con noticias estarrecedoras do xenocidio que se está a vivir en Gaza, ou con guerras silenciadas como as de Siria, Afganistán, Iemen ou Sudán... Ou mesmo con violencias máis soterradas, froito da militarización das fronteiras europeas e dos intereses xeoestratéxicos de Occidente. Por non esquecer a constante violación dos acordos internacionais que o reino de Marrocos perpetra desde hai décadas co pobo saharai, coa complicitade do estado español a cambio de acordos vergoñentos en materia migratoria.

Hai uns días, un xornal de ampla difusión presentaba unha noticia co seguinte titular: “Novos ataques de Israel sobre Rafah matan a 22 persoas, 18 delas nenos”. Dezaioito de vintedous. E o mundo segue a xirar. E non pasa nada... Das máis de trinta mil vítimas palestinas dende que comezou a guerra, aproximadamente quince mil son nenos e nenas. Esgótanse as palabras ante tanta barbarie. Sen dúbida, o conflito de Gaza é o máis tráxico. Como explicaba a relatora especial de Nacións Unidas no seu contundente informe, divulgado o pasado 10 de abril, isto non é unha guerra, é un xenocidio que Israel está a cometer contra a poboación civil en Gaza, asesinando impunemente a miles de nenos ante as verbas vacías de Occidente. Mesmo as institucións europeas e o goberno español, que está a pedir públicamente o recoñecemento do estado palestino, xogan cunha dobre moral que debemos condenar, pois impulsan e manteñen acordos comerciais con institucións israelís que inclúen tamén armamento, segundo denuncian deputados europeos e distintas ONGs. Precisamente o que pedía a relatora da ONU eran medidas efectivas que incluían, entre outras, “un embargo de armas e petróleo en Israel”. Parece que os nosos gobernos, as nosas institucións, autoproclamadas defensoras dos dereitos humanos, non teñen intención de escoitar á relatora, que deixaba flotando no aire a seguinte cuestión: “Pregúntome que queda da nosa



humanidade se non podemos reaccionar con indignación ante o que estamos deixando que suceda en Gaza”.

Por outro lado, vémonos na obriga de denunciar tamén a militarización de fronteiras que Europa está a practicar como principal arma (nunca mellor dito) das súas políticas migratorias, dando por boa esa Europa fortaleza que tanto se contradice coa Europa dos dereitos da que, contra toda evidencia, seguen a presumir os nosos políticos. Non podemos nin queremos ser cómplices dunha violencia institucional contra as persoas migrantes, sobre todo cando moitas delas chegan ás nosas fronteiras fuxindo, precisamente, da violencia e das guerras.

En definitiva, dicimos non: non á guerra, non á cultura militar, non aos exércitos e ás súas alianzas, non ao armamentismo como negocio, non ao dereito do máis forte. Do mesmo xeito, solidarizámonos con todas as vítimas do terror de todas as guerras, e pedimos, rogamos, esiximos, a fin de toda acción bélica e a regulación de calquera conflito que puidese darse a través de medios exclusivamente pacíficos, humanos e respectuosos coas persoas, as culturas e as diferentes sociedades.

Por un mundo con máis xustiza e humanidade. Non no noso nome.

Non a ningunha guerra. Si á PAZ